

O goberno do PSOE cede ante o PP e a xerarquía da Igrexa

Defendamos a educación pública fronte ós recortes e a privatización



Sindicato de Estudiantes

O 27 de xaneiro, o goberno do PSOE, a través do seu ministro de Educación, presentou oficialmente o borrador do “Pacto pola educación”. Dous días máis tarde, o Consello de Ministros, aprobou un paquete de contrarreformas sociais coa intención de aumentar a idade de xubilación ós 67 anos e endurecer o acceso ás pensións. Ó mesmo tempo, o goberno anunciou un recorte drástico do gasto público (uns 50.000 millóns de euros) e unha nova reforma laboral. Un brusco xiro á dereita da política do PSOE, cedendo vergoñosamente ás presións dos empresarios, o PP e a xerarquía da Igrexa católica. Aquí enmárcase esta proposta de Pacto Educativo, que non é outra cousa que un ataque frontal contra a escola pública, que continúa o proceso iniciado co famoso Plan Bolonia para privatizar a Universidade.

HAI QUE INCREMENTAR DRÁSTICAMENTE O INVESTIMENTO NA PÚBLICA

O curso 2009/10 comezaba con máis de 3.000 barracóns: 1.208 no País Valencià, 1.046 en Catalunya e 800 en Andalucía, afectando a máis de 75.000 estudantes que reciben clase en espazos de chapa e plástico, sen calefacción no inverno, e que se convierten nunha verdadeira sauna no verán.

Tamén aumentou a falta de prazas públicas: este curso, só entre Barcelona e Madrid, houbo máis de 22.000 non admitidos en Formación Profesional (FP). O mesmo sucede coa educación infantil. A modo de exemplo, na Comunidade de Madrid faltan este curso 35.000 prazas en infantil. A falta de profesorado é outro dos problemas máis perentorios, tan só na provincia de Málaga, en outubro, case 15.000 estudantes víanse afectados pola ausencia duns 1.200 docentes.

En lugar de aumentar o investimento no ensino público para facer fronte ós problemas do fracaso escolar (aumentar

o número do profesorado, reducir o número de estudantes por aula, fomentar desdobramentos, etc.) asistimos a un transvasamento de fondos ós empresarios do ensino privado-concertado.

Os orzamentos destinados á educación pública sufriron un descenso prolongado durante os últimos 16 anos (do 4,9% do PIB en 1993 ó 4,5% en 2009), a educación privada-concertada foi apropiándose, cada vez máis, dunha gran parte dos recursos correspondentes á pública: de 1.615,6 millóns de euros en 1992, o diñeiro que se dá á privada-concertada, a través dos concertos pasou a 4.726,4 en 2006, un incremento do 292%, é dicir, esquilmaronse sistematicamente os fondos públicos a favor dos empresarios do ensino privado-concertado, que nun 89% corresponden á Igrexa católica. Outro exemplo desta política é a recentemente aprobada Lei Educativa de Catalunya (LEC), máximo expoñente do fomento da escola privada-concertada, coa entrega adicional cada ano de 316 millóns de euros ata 2016.

A DEREITA CONTRA A EDUCACIÓN PÚBLICA

Coa escusa do fracaso escolar, o PP leva anos insistindo en que hai que reducir a duración do ensino obrigatorio, actualmente en 16 anos. Agora propuxo suprimir un ano da ESO e ampliar un máis o bacharelato. É un claro intento de expulsar ó estudiantado con máis dificultades do sistema educativo canto antes, con escasa ou nula cualificación, para converterse en man de obra barata para ser explotada no mercado laboral. Coas cifras de paro xuvenil rozando un escandaloso 40%, ós empresarios parécelles un gasto innecesario investir diñeiro público en dignificar a Formación Profesional ou a Universidade.

Por outra banda, para o PP os verdadeiros problemas da educación son a “indisciplina e a violencia nas aulas”, e a súa solución é entregar poderes policiais ó profesorado. Os que facemos vida nos centros de estudo sabemos perfectamente que a imaxe que tratan de trasladar da mocidade nada ten que ver coa realidade. Tanto é así, que ata o de-



fensor o pobo reconece que os episodios de violencia reducíronse desde 1999 ata situarse nun 3,9%.

O PACTO EDUCATIVO SUPÓN UN GRAVE ATAQUE Á EDUCACIÓN PÚBLICA

Lamentablemente, na súa proposta de pacto, o goberno do PSOE recolle diferentes aspectos do ideario político do PP. O PSOE recupera para 4º de ESO os itinerarios que a dereita impulsou na súa “Lei de Calidade” de 2002 -contra a que a comunidade educativa saíu á rúa e o PSOE viuse obrigado a botar atrás-, converténdoo nun curso no que dividir ó alumnado en dúas ramas. Esta selección xestarase en 3º da ESO, cun exame que servirá para “elixir a modalidade do cuarto curso cara a [...] estudos de bacharelato ou cara a estudos de formación profesional”. Xa que logo, ós 14 anos decidírase quen serve para estudar bacharelato e posteriormente unha FP de grao superior ou a universidade, e quen debe ser encamiñado a unha FP de grao medio, claramente devaluada.

Ademais, o PSOE faille o xogo á dereita na súa campaña de criminalización da mocidade favorecendo a represión do movemento estudantil baixo a fórmula da necesidade de reforzar a autoridade do profesor e dos equipos directivos, “para que poidan adoptar de forma inmediata as medidas necesarias ante os casos de violencia ou indisciplina que se produzan.” Esta medida, na práctica, utilízase para que calquera estudante que promova unha asemblea, unha protesta ou participe nunha folga pola mellora das condicións de estudo, poida ser sancionado con “as medidas punitivas que sexan necesarias”.

Un aspecto central do documento é o trato privilexiado á escola concertada en detrimento do financiamento á pública. Deféndese a necesidade de “Favorecer a liberdade de elección [de centros] das familias”, para asegurar que os empresarios do ensino privado-concertado sigan recibindo inxentes cantidades de diñeiro público e seguir creando canteira desde o ensino infantil e facendo negocio dun dereito universal como a educación, debido á falta de oferta pública. A “liberdade de elección” non é máis que demagogia, para ocultar unha política de privatización do ensino; de que “liberdade de elección” fálase cando todos os anos faltan decenas de miles de prazas públicas en todos os tramos educativos?

O GOBERNO DO PSOE TEN QUE ROMPER O PACTO COA DEREITA

O Pacto Educativo enmárcase dentro do xiro á dereita do goberno, hai unha intensificación da política de elitización

e privatización da educación pública que comezou coa aprobación dos Plans de Boloña, que xa son unha barreira económica insalvable para millóns de xóvenes de familias traballadoras. Este ano o prezo das matrículas universitarias incrementouse un 23%. Ademais, a política de bolsas estase substituindo por préstamos bancarios, co consabido negocio para a Banca.

Tamén sobre a FP hai prevista unha reforma que suporá un claro retroceso na súa dignificación, fomentando convenios de colaboración con entidades privadas que poidan facer uso das instalacións e materiais públicos sen custo algún e desincentivando na práctica a FP regulada, dando a entender que con tres anos de experiencia laboral poderase optar a unha titulación oficial.

O Pacto Educativo é unha capitulación absoluta ante as presións da dereita. Ante esta realidade é máis necesario que nunca responder dun xeito firme e contundente a todos estes ataques. Este pacto educativo co PP, de concretarse, significaría un retroceso histórico para a educación pública e moi especialmente para a secundaria.

É NECESARIA A MOBILIZACIÓN UNITARIA DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

Desde o Sindicato de Estudantes facemos un chamamento ós sindicatos de clase do profesorado (STEs, CCOO, UGT, CIG, CGT...), á Confederación Estatal de Pais de Alumnos progresista (CEAPA), ó resto de organizacións estudantís de esquerdas e ós partidos de esquerdas, especialmente a Esquerda Unida, para desenvolver unha campaña de mobilizacións en defensa da educación pública, que debe comezar cunha ampla explicación nos centros de estudo do que realmente supón este mal chamado “Pacto pola Educación”. Unha campaña que debe ser vinculada á loita contra o resto das contrarreformas que o goberno aprobou e que son un ataque directo ás condicións de vida da clase obreira e a mocidade.

Unha campaña de propaganda dentro dos centros de estudos e en todas as cidades e barrios, na que se realicen asembleas informativas conxuntas no que se vote unha plataforma reivindicativa e elixa Comités en Defensa do Ensino Público. O obxectivo desta campaña ten que ser a preparación da convocatoria dunha folga xeral en todo o Estado da Comunidade Educativa, se estes plans seguen adiante e o PSOE non rectifica. Esta folga, con manifestacións en todas as cidades, debería afectar tanto ó ensino universitario como ó non universitario, xa que os ataques aféctannos a todos. Unha mobilización en defensa dun ensino cento por cento público, gratuito, democrático e laico.

• NON Ó PACTO EDUCATIVO COA DEREITA. POR UNHA FOLGA XERAL DE TODA A COMUNIDADE PARA FREAR OS ATAQUES

- Para facer fronte ó fracaso escolar: máis investimento na escola pública
- 7% do PIB para o ensino público. Nin un euro máis ós empresarios do ensino privado-concertado.
- Incremento de prazas públicas no ensino infantil e na FP. Incremento dos planteis de profesorado para reducir a masificación nas aulas.
- Non ós recortes nos nosos dereitos democráticos

www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net

• **Compostela:** 981 563 100 (extensión 12867) / 675 952 798 • **Coruña:** 656 457 257

• **Vigo:** 628 001 270 • **Ferrol:** 678 420 888

• **SEDE ESTATAL:** 914 718 213 Fax: 914 280 397 sindicato@sindicatodeestudiantes.net